

RESOLUCIÓN do 4 de outubro de 2024 do tribunal designado para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado por Resolución do 19 de marzo de 2024, pola que se da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o 4/10/2024, o tribunal nomeado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado pola Resolución do 19 de marzo de 2024,

ACORDOU

Primeiro.- Á vista das reclamacións presentadas contra as preguntas 6 e 91 da proba tipo test, desestimar as ditas reclamacións.

Segundo.- Á vista das reclamacións presentadas contra as preguntas 11 e 24 da proba tipo test, estimar as mesmas, substituíndo as citadas preguntas polas de reserva número 31 e 32.

Terceiro.- Os aspirantes que superen a proba tipo test e que non acreditaron o coñecemento do idioma galego serán convocados en chamamento único pola Dirección Xeral de Administración Local para a realización da proba de coñecemento do idioma galego, polo que aqueles que non comparezan á hora que se sinale na convocatoria, decaerán no seu dereito a realizar a proba.

A proba consistirá na tradución de dous textos propostos polo tribunal, un do castelán para o galego, e outro do galego para o castelán.

A proba terá unha duración total de 60 minutos.

O exercicio valorarase como apto ou non apto.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR410A>, as puntuacións provisionais obtidas na proba tipo test, que serán obxecto dunha publicación posterior xunto cos méritos baremados dos aspirantes que superaron a proba tipo test e, no seu caso a proba de coñecemento do idioma galego; aos efectos do disposto no artigo 5.5 da Orde do 30 de novembro de 2017 pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino par o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Quinto.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a directora xeral de Administración Local nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A presidenta do tribunal
(documento asinado electronicamente)

Beatriz Díaz Rodríguez

